



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xuño 2019

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Xuño 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos inferior ao do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,2%, 2,1 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 0,3% mentres que nos Outros servizos aumenta o 4,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,0% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de xuño agás en Illes Balears.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xuño en Galicia un aumento do 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 6,2 puntos inferior ao do mes de maio. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,2%, 2,1 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 0,3%, resta 0,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,1% e achegan 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 0,7% e nos *Outros servizos* o 4,9%.

O descenso da facturación no *Comercio* ven motivado pola caída na *Venta e reparación de vehículos de motor* (-10,2%), co que resta 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral, xunto coa do *Comercio ao retallo* (-1,2%). O *Comercio por xunto* aumenta a facturación o 0,9% e achega 0,5 puntos. Desde principios do ano 2015 non se rexistraba unha caída na facturación no *Comercio*.

A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* redúcese o 5,4%, o *Comercio ao retallo* cae un 0,1%; en senso contrario, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 2,3%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,1%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que cun incremento do 7,2%, achega 0,6 puntos e a *Hostalería* que, cun aumento do 6,6%, achega 0,3 puntos a taxa de variación do

índice xeral. Pola contra, *Información e comunicacións* e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* reducen a súa facturación, -1,2% e -1,1% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,9%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (6,7%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (6,3%).

No primeiro semestre do ano, a cifra de negocios crece un 5,3% en Galicia e un 4,6% no conxunto do Estado.

O *Comercio* aumenta máis en Galicia (5,2%) que en España (3,9%) mentres que os *Outros servizos* incrementan máis a súa facturación no conxunto de España, 6,0% que en Galicia, 5,6%.

O *Comercio por xunto* (7,6%), o *Transporte* (8,2%) e a *Hostalería* (7,9%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicación* diminúen a súa facturación na primeira metade do ano, -4,7% e -1,3% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 2,3% no mes de xuño.

Os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que crece un 9,0% e achega 1,3 puntos e a *Hostalería*, cun incremento do 6,6% co que achega 1,3 puntos. En senso contrario, diminúe a facturación no *Comercio* (-1,0%) e en *Información e comunicacións* (-1,5%).


No que vai de ano, o índice aumenta un 5,4%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (10,7%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,6%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 2,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xuño en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en Illes Balears (-0,8%).

Índices de cifra de negocios. Xuño 2019

Taxa de variación en %




Os maiores aumentos danse en Extremadura (4,8%) e Madrid (4,0%). Ademais de Illes Balears, as comunidades con menores crecementos son Aragón e Canarias (ambas 0,1%).

No que vai de ano, o maior crecemento rexístrase en Cantabria (7,6%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (2,0%) e Illes Balears (2,5%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,0% respecto ao mes de xuño de 2018, seis décimas menos que en España (1,6%).



O persoal ocupado aumenta un 1,1% no *Comercio* e un 0,9% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-0,5%), *Hostalería* (-0,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,9%). Os maiores crecementos danse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,9%) e *Información e comunicación* (3,2%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (2,9%) e *Comercio por xunto* (2,5%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 2,0% en Galicia e un 1,9% en España. O maior crecemento da ocupación en Galicia dáse no *Comercio por xunto* (5,4%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xuño con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Comunitat Valenciana (3,0%). Illes Balears (0,2%) e Aragón (0,4%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Xuño 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,6%) e Comunitat Valenciana e Navarra (2,4%); as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,8%) e Canarias (1,0%).

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xuño 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,8	0,8	5,3
Comercio	121,7	-0,3	5,2
Venta e reparación de vehículos de motor	111,4	-10,2	-4,7
Comercio por xunto	127,8	0,9	7,6
Comercio ao retallo	109,6	-1,2	0,7
Outros servizos	121,7	4,1	5,6
Transporte	118,5	7,2	8,2
Hostalería	124,1	6,6	7,9
Información e comunicacións	108,6	-1,2	-1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,9	-1,1	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	158,0	3,4	3,6
España			
Xeral	126,5	2,2	4,6
Comercio	123,6	0,7	3,9
Venta e reparación de vehículos de motor	138,9	-5,4	-0,5
Comercio por xunto	127,2	2,3	5,4
Comercio ao retallo	111,6	-0,1	2,3
Outros servizos	131,7	4,9	6,0
Transporte	124,2	3,4	6,1
Hostalería	135,0	5,6	4,5
Información e comunicacións	121,5	3,2	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	146,5	6,7	8,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	137,1	6,3	6,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xuño 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	124,3	2,3	5,4
Comercio	120,5	-1,0	4,3
Transporte	138,5	9,0	10,7
Hostalería	129,3	6,6	7,6
Información e comunicacións	109,9	-1,5	-1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,9	1,8	5,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	143,8	0,9	2,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xuño 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	126,5	2,2	4,6
Andalucía	119,9	3,7	6,3
Aragón	119,0	0,1	4,6
Asturias	120,9	2,8	5,9
Balears, Illes	149,9	-0,8	2,5
Canarias	116,6	0,1	2,0
Cantabria	127,3	2,6	7,6
Castilla y León	114,5	1,2	3,5
Castilla-La Mancha	125,4	2,5	4,3
Cataluña	123,1	0,7	3,3
Comunitat Valenciana	123,1	1,5	4,5
Extremadura	122,8	4,8	6,4
GALICIA	121,8	0,8	5,3
Madrid	136,3	4,0	5,0
Murcia	125,7	2,8	6,2
Navarra	127,1	0,8	5,8
País Vasco	124,9	1,4	4,4
Rioja, La	127,7	1,6	5,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xuño 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,8	1,0	2,0
Comercio	108,8	1,1	2,4
Venta e reparación de vehículos de motor	99,9	-0,5	2,0
Comercio por xunto	118,7	2,1	5,4
Comercio ao retalho	104,9	0,9	0,7
Outros servizos	108,7	0,9	1,7
Transporte	106,9	1,5	3,0
Hostalería	108,0	-0,9	0,8
Información e comunicacións	108,0	3,2	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,9	4,9	3,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,2	-0,9	0,0
España			
Xeral	110,7	1,6	1,9
Comercio	107,5	1,6	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	108,2	1,6	1,9
Comercio por xunto	110,0	2,5	2,3
Comercio ao retalho	105,8	1,0	1,0
Outros servizos	112,7	1,7	2,1
Transporte	111,0	1,9	2,3
Hostalería	114,7	0,6	1,1
Información e comunicacións	109,9	2,9	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,7	1,6	2,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,4	2,3	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xuño 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,7	1,6	1,9
Andalucía	108,0	1,8	2,1
Aragón	111,9	0,4	1,6
Asturias	106,9	1,0	1,1
Balears, Illes	134,0	0,2	2,1
Canarias	110,1	1,2	1,0
Cantabria	110,8	0,6	1,2
Castilla y León	106,8	0,9	0,8
Castilla-La Mancha	109,1	1,7	1,3
Cataluña	112,9	2,0	2,1
Comunitat Valenciana	109,6	3,0	2,4
Extremadura	109,5	2,2	2,6
GALICIA	108,8	1,0	2,0
Madrid	110,0	1,5	2,1
Murcia	116,7	1,9	1,2
Navarra	109,9	2,0	2,4
País Vasco	106,5	1,2	1,7
Rioja, La	109,8	2,4	2,2

Fonte: INE